

# ESIXIMOS Á XUNTA DE GALICIA QUE FINALICE ESTE EXTERMINIO

- Que deteñan a matanza que están levando a cabo nos montes do Barbanza e se realice un estudo científico, por expertos independentes, para saber cantos lobos quedan vivos nestes intres.
- Que fagan todo o necesario para levar os delincuentes que puxeron os lazos e velenos diante da xustiza.
- Que destitúan aos cargos da Xunta de Galicia que, irresponsablemente, deixaron que foran os cazadores os encargados de “resolver” a suposta hibridación entre lobos e cans, cando o lóxico sería coller vivos os exemplares híbridos e esterilizalos. Isto agravado polo feito de que a lei de vedas da Xunta de Galicia establece non autorizar esperas, ganchos ou monterías no caso do lobo nos meses de abril, maio e xuño, xa que a especie está a criar (art.13.2.a).
- Que se investigue a orixe das posibles marcas aparecidas nas orellas dalgúns dos animais abatidos, presuntamente híbridos, e que fan sospeitar que estes foron traídos doutro lugar e soltados nos montes barbanzáns, polo que esta campaña de exterminio semella que se basea nunha falsidade.



## CONTRA A MATANZA DE LOBOS, HÍBRIDOS E CANS NO BARBANZA

## MANIFESTACIÓN

28 ABRIL ás 18:30 h

PRAZA DO CONCELLO  
RIBEIRA

*Vox Anima*  
Asociación en Defensa dos Animais




# OS LOBOS DO BARBANZA: CRÓNICA DUN EXTERMINIO

A Serra do Barbanza é un territorio formado por montañas erosionadas e atravesado por multitude de pistas forestais e valados gandeiros. Neste espazo tan humanizado sobrevive un pequeno número de lobos ibéricos.

Lonxe de protexer esta xoia da fauna europea, a Xunta de Galicia, coa escusa duns ataques a poldros e puchos que se atopaban no monte, na maioría dos casos sen unhas mínimas condicións de protección, autorizou, en xullo e setembro de 2011, varias batidas nas que, segundo datos oficiais, mataron catro animais, pero tense constancia de que foron máis; co agravante de que a morte das lobas nesta época do ano, na que están criando, supón tamén a dos lobetos por inanición.

A aparición duns exemplares híbridos (cruzamento de can e lobo) foi a escusa perfecta para que a Xunta de Galicia autorizara unha nova e máis sanguinaria operación de exterminio co fin de “protexer a pureza da especie do lobo”, que se está a desenvolver entre os meses de marzo e agosto de 2012 e que inclúe batidas, agardos, trampeos e incluso a colocación de colares gps a algúns deles para localizar as manadas en cada momento. Todas estas batidas e agardos están sendo executadas por cazadores do lugar que gustosamente se apuntaron á campaña.



Se a Xunta de Galicia só pretendera evitar a hibridación dos lobos, chegaría con capturar vivos os exemplares non puros e esterilizalos. En vez disto confiaron a tarefa aos cazadores, que están a causar un sufrimento enorme nos nosos montes: disparan dando morte a numerosos animais, outros escapan feridos e acaban morrendo tras un tempo desangrados ou polas infeccións, tamén femias que nestes intres deberían parir e non atopan un lugar onde poder facelo debido ao acoso dos cazadores; e por suposto nestas batidas e agardos, entre animais fuxindo, disparos e ouveos, tamén morrerán eses lobos puros que din querer protexer.



**Con todos estes vimbios,**

**o lobo ibérico no Barbanza parece abocado á desaparición**

Paralelamente a estas matanzas promovidas pola Xunta, uns delinquentes encheron os montes do Barbanza de lazos e veneno que xa acabaron con varios lobos, tanto puros coma híbridos.

Polo tanto, nestes intres hai dous grupos matando os lobos do Barbanza, un legal, composto por cazadores e a Xunta de Galicia e outro ilegal, criminais que actúan impunemente ante a ineficacia das institucións políticas e as forzas de seguridade.



## RESPONSABLES: A XUNTA DE GALICIA E O DESCOÑECIMENTO

- Das matanzas ilegais de lobos, evidentemente, os culpables son os delinquentes que puxeron os lazos e os velenos.
  - Das matanzas legais, os responsables son os cazadores que están disparando aos animais, e as autoridades que deron, ou consentiron, o exterminio; é dicir, o Xefe do Servizo de Conservación da Natureza, o seu superior, Director Xeral de Conservación da Natureza e por suposto o Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.
- Tampouco podemos esquecer determinados medios de comunicación que, a través de continuas informacións negativas en contra dos lobos do Barbanza, contribuíron poñer a estes animais no centro da diana.